

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

7061 *Lei orgánica 4/2013, do 28 de xuño, de reforma do Consello Xeral do Poder Xudicial, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

PREÁMBULO

O artigo 122.2 da Constitución define o Consello Xeral do Poder Xudicial como o órgano de goberno dos xuíces e remite, en canto ao seu estatuto e réxime de incompatibilidades dos seus membros e ás súas funcións, en particular en materia de nomeamentos, ascensos, inspección e réxime disciplinario, á lei orgánica. A Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, desenvolveu no título II do libro II a dita previsión constitucional.

O marco de actuación en que debe desenvolverse calquera reforma do Consello Xeral do Poder Xudicial non pode ser, polo tanto, outro que o artigo 122 da Constitución, de tal forma que nel se encontran os parámetros que se deben respectar no deseño de calquera modelo de consello.

Actualmente, o Consello Xeral do Poder Xudicial demanda unha reforma en profundidade da súa estrutura e funcionamento que permita pór fin aos problemas que ao longo dos anos se puxeron de manifesto, así como dotalo dunha estrutura máis eficiente.

I. *Atribucións do Consello Xeral do Poder Xudicial*

As atribucións do Consello Xeral do Poder Xudicial non se ven substancialmente alteradas. Prevese, simplemente, que as que teña legalmente recoñecidas sexan acordes coa finalidade que xustifica a existencia mesma do Consello Xeral do Poder Xudicial, isto é, subtraer ao Goberno a xestión das diversas vicisitudes da carreira de xuíces e maxistrados, de maneira que non poida condicionar a súa independencia por esta vía indirecta.

O Consello Xeral do Poder Xudicial debe, así, exercer as atribucións que lle encomenda o artigo 122.2 da Constitución –nomeamentos, ascensos, inspección e réxime disciplinario– e aquelas outras que estean intimamente ligadas a ese núcleo.

Neste campo, tres novidades merecen especial atención. A primeira é que toda a actividade internacional do Consello deberá ser coordinada co Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación. Certamente, as atribucións constitucionais e legais do Consello Xeral do Poder Xudicial poden, en determinadas circunstancias, ter unha proxección internacional, do mesmo modo que non cabe ignorar a crecente importancia da cooperación internacional en todos os ámbitos. Pero isto debe sempre realizarse dentro do marco do artigo 97 da Constitución, que encomenda ao Goberno a dirección da política exterior.

Outra novidade que debe ser subliñada é a relativa á potestade regulamentaria do Consello Xeral do Poder Xudicial, que debe referirse, con carácter xeral, á esfera puramente interna ou doméstica. Excepcionalmente, recoñécese unha potestade regulamentaria ad extra en determinados aspectos accesorios das actuacións xudiciais que se prevén nesta lei orgánica.

A última novidade ten que ver coa autonomía do Consello Xeral do Poder Xudicial como órgano constitucional. No exercicio da súa autonomía, o Consello elabora o seu orzamento, que se integra como unha sección independente dentro dos orzamentos xerais do Estado. Ao mesmo tempo, lémbrese a necesaria adecuación ao previsto na Lei xeral orzamentaria na elaboración e execución do orzamento do Consello, así como o sometemento aos controis ordinarios.

Paga a pena observar que, dentro deste novo marco que se configura, o Consello segue actuando autonomamente, porque elabora a súa proposta de orzamento e porque executa o seu propio gasto, é dicir, non está baixo a tutela de ninguén en materia orzamentaria. Polo demais, co fin de se adaptar á nova regulación, establécese que no primeiro orzamento do Consello elaborado tras a entrada en vigor da reforma se xustifiquen ex novo todas as necesidades económicas da institución.

Finalmente, o Consello Xeral do Poder Xudicial, na súa condición de máximo órgano do goberno do poder xudicial, encóntrase sometido aos principios de estabilidade e sustentabilidade orzamentaria aplicables a todos os poderes públicos en virtude do previsto no artigo 1 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

II. *Elección dos vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial*

Á hora de abordar un aspecto crucial da reforma como é o sistema de designación dos vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial, deseñouse un sistema de elección que, por un lado, garanta a máxima posibilidade de participación no proceso de todos e cada un dos membros da carreira xudicial, estean ou non asociados, e que, por outro, atribúa ao Congreso e ao Senado, como representantes da soberanía popular, a responsabilidade da designación dos ditos vogais. Este sistema de elección articularase sobre tres premisas básicas. En primeiro lugar, a designación dos vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial conforme exclusivos criterios de mérito e capacidade dos candidatos. En segundo termo, a apertura da posibilidade de seren designados como vogais á totalidade dos membros da carreira xudicial que contén cun número mínimo de avais doutros xuíces e maxistrados ou dalgunha asociación. E, finalmente, a consideración na designación dos vogais de orixe xudicial da proporción real de xuíces e maxistrados asociados e non asociados.

Finalmente, tomando en consideración a redacción do artigo 122.3 da Constitución en que se sinala que os vogais de orixe xudicial deben ser elixidos «entre xuíces e maxistrados de todas as categorías xudiciais», e partindo de que esa é a vontade da Constitución, prevese que os vogais designados poidan ser xuíces e maxistrados de todas as categorías.

III. *Eliminación de situacións de bloqueo na constitución do Consello Xeral do Poder Xudicial*

A actual regulación do Consello permite que a falta de renovación do órgano cando finaliza o seu mandato dea lugar á prórroga, a miúdo durante moito tempo. Este fenómeno debe ser evitado na medida do posible. Así, establécese que a prórroga do Consello non sexa posible, salvo no suposto moi excepcional de que ningunha das cámaras cumpra o mandato de designación, de tal forma que bastará a soa presenza dos vogais designados por unha das cámaras para que o novo consello se poida constituír, xa que ese número se completará cos vogais que no seu momento fosen designados pola Cámara que agora incumpre o mandato. Só se ambas as cámaras non proceden a designar os vogais que lles corresponden, o Consello continuará actuando en funcións ata o momento en que unha delas cumpra co mandato legal.

De así ser, as cámaras poden, en todo momento, evitar unha situación manifestamente inadecuada para o correcto funcionamento das institucións como é esta.

IV. *Exercicio a tempo parcial do cargo de vogal*

Prevese que os vogais –con excepción dos que forman parte da Comisión Permanente– exerzan o seu cargo compaxinándoo coa función xurisdiccional se son de orixe xudicial, ou coa súa profesión se foron elixidos pola quenda de xuristas de recoñecida competencia. Esta previsión proporciona indubidables vantaxes, como a dunha maior proximidade dos vogais á realidade que deben gobernar. A isto únese que o novo deseño da organización e funcionamento do Consello Xeral do Poder Xudicial permite que parte do traballo desenvolvido por este órgano, incluída a tramitación e preparación dos asuntos sobre os que se deben adoptar acordos, sexa levada a cabo polos funcionarios do corpo de letrados.

Por isto, o desempeño do cargo de vogal con exclusividade limitouse unicamente aos membros da Comisión Permanente, o que encontra xustificación na súa nova configuración. A norma prevé que corresponderán á Comisión Permanente todas as atribucións que non estean expresamente reservadas ao Pleno ou a algunha das comisións legalmente establecidas, xa que razóns de axilidade e eficacia no seu funcionamento o aconsellan. Agora ben, para permitir unha maior pluralidade na composición da Comisión Permanente prevese a súa renovación anual, establecendo deste modo a posibilidade de que todos os vogais, con excepción dos que integren a Comisión Disciplinaria, poidan chegar a formar parte dela.

A previsión de que a maioría dos vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial exerzan o cargo a tempo parcial pretende contribuír á boa administración e eficiencia económica da institución, e, ao mesmo tempo, tal vez permita acceder ao Consello a persoas, de dentro e de fóra da carreira xudicial, que ata agora non mostraran interese por servir como vogais porque isto os tería obrigado a interromper a súa actividade profesional.

V. *Repartición de competencias entre os órganos do Consello Xeral do Poder Xudicial*

En materia de organización e funcionamento do Consello, prevese unha nova repartición de competencias entre os seus órganos.

Para empezar, suprímese a Comisión de Cualificación, cuxas funcións de preparación dos nomeamentos discrecionais polo Pleno pasan a ser desempeñadas pola Comisión Permanente. Nunha lóxica de selección por criterios meritocráticos, a presentación ante o Pleno das cualidades de cada candidato pode perfectamente ser levada a cabo pola Comisión Permanente, conforme os mesmos criterios que rexen en calquera outra materia.

Así, deixando polo momento á marxe o réxime disciplinario, as atribucións referidas ao funcionamento do Consello Xeral do Poder Xudicial quedan, principalmente, en mans da Comisión Permanente e do Pleno. A idea é que, en prol da axilidade e da eficiencia, o Pleno coñeza só daquelas cuestións que supoñen unha marxe importante de apreciación. Agora ben, todas as decisións autenticamente relevantes seguen en mans do Pleno: nomear os presidentes e os maxistrados do Tribunal Supremo, aprobar os regulamentos do Consello, aprobar o orzamento, etc. Non hai, en definitiva, un desapoderamento do Pleno, nin un menoscabo do lugar central que ocupa na arquitectura do Consello Xeral do Poder Xudicial. O único que sucede é que deixa de coñecer enalzada, con carácter xeral, sobre os acordos da Comisión Permanente.

A estrutura así deseñada dista de ser un esquema presidencialista, pois a adopción dos acordos que non son competencia do Pleno corresponde esencialmente á Comisión Permanente, non ao presidente.

Dentro do conxunto de previsións relativas á organización e funcionamento do Consello convén chamar a atención sobre outras novidades. Unha é que o presidente do Tribunal Supremo se verá auxiliado e, se for o caso, substituído pola figura do vicepresidente do Tribunal Supremo.

A existencia dun vicepresidente é particularmente importante para o Tribunal Supremo, porque durante os últimos trinta anos o Consello absorbeu case por completo os sucesivos presidentes, privando de facto aquel dunha presidencia unitaria. O

vicepresidente debe gozar sempre da confianza do presidente, pero sen que este poida impor un determinado nome. Para cohonestar esta dobre exigencia, prevese que o vicepresidente sexa elixido polo Pleno do Consello a partir dunha proposta do presidente. De igual forma, incorpórase como competencia do Pleno o coñecemento das causas de cesamento do vicepresidente do Tribunal Supremo e establécese que poderá ser separado por causa xustificada co voto favorable de tres quintos dos membros do Pleno.

A segunda novidade ten que ver coa profesionalización do Consello como administración chamada a xestionar as vicisitudes da carreira de xuíces e maxistrados. Tratándose dunha institución que se debe renovar integramente cada cinco anos, o que implica unha certa falta de continuidade institucional, establécese que, dentro do corpo de letrados do Consello, un número determinado teña carácter permanente, seleccionado mediante concurso-oposición que garanta, en calquera caso, os principios de mérito e capacidade, e que estea destinado a desenvolver labores técnico-xurídicos dentro do Consello. En canto ás implicacións económicas desta medida, prevese a amortización progresiva das prazas dos actuais letrados. Polo tanto, introdúcese unicamente unha medida de reorganización interna coa finalidade de incrementar a eficiencia do órgano, que en ningún caso suporá incremento de custo.

A última novidade concirne a un dos maiores problemas que veu padecendo o Consello Xeral do Poder Xudicial: o bloqueo na toma de decisións. Na nova regulación, salvo que a lei orgánica especificamente exixa outra cosa, todas as decisións se tomarán por maioría simple.

VI. *Transformación da Comisión Disciplinaria*

Unha das maiores innovacións recollidas neste texto é a transformación da Comisión Disciplinaria, de tal forma que o procedemento disciplinario debe deixar de ser substancialmente inquisitivo: non debe ser un mesmo órgano quen decida a incoación do procedemento, designe o instrutor e finalmente sancione ou non. É verdade que a potestade disciplinaria é, pola súa propia natureza, un instrumento de goberno; pero non por isto deixa de ser unha manifestación do ius puniendi do Estado, cuxo exercicio debe estar revestido de certas garantías fundamentais.

Tendo isto presente, e dentro do marco garantista actualmente existente, establécese que a incoación e instrución do procedemento e a formulación do prego de cargos quede encomendada a unha nova figura: o promotor da acción disciplinaria. Deberá ser un membro moi experimentado da carreira xudicial, que asuma a tarefa de investigar as infraccións e soste a acusación. Isto non só suporá unha saudable introdución do principio acusatorio no procedemento disciplinario, senón que axudará a profesionalizar e racionalizar a instrución, ata agora encomendada caso por caso a maxistrados que deben seguir desempeñando a súa actividade ordinaria.

O promotor da acción disciplinaria non é propiamente un órgano do Consello Xeral do Poder Xudicial, senón un cargo subordinado a el. A súa inactividade pode ser corrixida pola Comisión Permanente, que, de oficio ou por instancia de parte, pode ordenarlle a incoación ou a prosecución dun procedemento disciplinario.

Neste esquema, a Comisión Disciplinaria é só un «tribunal», é dicir, límtase a vulgar os procedementos disciplinarios por infraccións graves e moi graves, así como a impor as sancións pertinentes. Nalgúns casos a Comisión Disciplinaria esgota a vía administrativa, polo que contra os seus acordos non cabe a alzada ante o Pleno. Non obstante, esta previsión non desnaturaliza a función que a Constitución atribúe ao Consello en materia disciplinaria, por dúas razóns.

En primeiro lugar, a composición da Comisión Disciplinaria –que debería estar servida polas mesmas persoas ao longo dos cinco anos de cada Consello, para profesionalizar o órgano– reflicte a proporción do Pleno: tres dos seus membros deben ser vogais que fosen elixidos pola quenda de xuristas de recoñecida competencia e catro vogais elixidos pola quenda xudicial. Non se altera así o designio constitucional de que as infraccións disciplinarias dos xuíces e maxistrados sexan vulgadas por un colexio cunha presenza, minoritaria pero consistente, de xuristas externos á xudicatura.

En segundo lugar, a resolución daqueles procedementos en que o promotor da acción disciplinaria propoña a imposición da sanción de separación do servizo, pola súa extremada gravidade, corresponderá ao Pleno.

Para o efecto de evitar posibles confusións derivadas da duplicación na numeración de artigos con contido distinto ao longo do tempo, así como para dar unha nova estrutura sistemática á regulación do Consello Xeral do Poder Xudicial, inevitablemente máis extensa que a anterior, optouse por introducir un novo libro VIII na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, en lugar de modificar os artigos anteriormente dedicados á materia.

VII. *Modificación da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.*

Modifícase o artigo 32 co obxectivo de estender o seu ámbito de aplicación aos beneficiarios de protección internacional e dar cumprimento ao previsto na Directiva 2011/51/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de maio de 2011, pola que se modifica a Directiva 2003/109/CE do Consello.

Ademais, modifícase o artigo 57 para recoller un réxime de protección reforzada no caso de expulsión de beneficiarios de protección internacional que gocen do réxime de residentes de longa duración. Desta maneira, tamén se dá cumprimento ao previsto na Directiva 2011/51/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de maio de 2011, pola que se modifica a Directiva 2003/109/CE do Consello.

Artigo único. *Modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.*

Engádense un novo libro VIII e unha nova disposición derradeira á Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, nos termos seguintes:

Un. Engádesse un novo libro VIII, denominado «Do Consello Xeral do Poder Xudicial», co seguinte contido:

«TÍTULO I

Das atribucións do Consello Xeral do Poder Xudicial

Artigo 558.

1. O goberno do poder xudicial corresponde ao Consello Xeral do Poder Xudicial, que exerce as súas competencias en todo o territorio nacional de acordo coa Constitución e coa presente lei orgánica.

2. O Consello Xeral do Poder Xudicial ten a súa sede na vila de Madrid.

Artigo 559.

Os presidentes e demais órganos de goberno de xulgados e tribunais, no exercicio das súas funcións gobernativas, están subordinados ao Consello Xeral do Poder Xudicial.

Artigo 560.

1. O Consello Xeral do Poder Xudicial ten as seguintes atribucións:

1.^a Propor o nomeamento, nos termos previstos pola presente lei orgánica, do presidente do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial.

2.^a Propor o nomeamento de xuíces, maxistrados e maxistrados do Tribunal Supremo.

3.^a Propor o nomeamento, nos termos previstos pola presente lei orgánica, de dous maxistrados do Tribunal Constitucional.

4.^a Ser oído polo Goberno antes do nomeamento do fiscal xeral do Estado.

5.^a Interpor o conflito de atribucións entre órganos constitucionais do Estado, nos termos previstos pola lei orgánica do Tribunal Constitucional.

6.^a Participar, nos termos legalmente previstos, na selección de xuíces e maxistrados.

7.^a Resolver o que proceda en materia de formación e perfeccionamento, provisión de destinos, ascensos, situacións administrativas e réxime disciplinario de xuíces e maxistrados.

8.^a Exercer a alta inspección de tribunais, así como a supervisión e coordinación da actividade inspectora ordinaria dos presidentes e salas de goberno dos tribunais.

9.^a Impartir instrucións aos órganos de goberno de xulgados e tribunais en materias da súa competencia, así como resolver os recursos de alzada que se interpoñan contra calquera acordo deles.

10.^a Coidar da publicación oficial das sentenzas e demais resolucións que se determinen do Tribunal Supremo e do resto de órganos xudiciais.

Para tal efecto, o Consello Xeral do Poder Xudicial, logo do informe das administracións competentes, establecerá regulamentariamente o modo en que se deberán elaborar os libros electrónicos de sentenzas, a súa recompilación, o seu tratamento, difusión e certificación, para velar pola súa integridade, autenticidade e acceso, así como para asegurar o cumprimento da lexislación en materia de protección de datos persoais.

11.^a Regular a estrutura e funcionamento da Escola Xudicial, así como nomear o seu director e os seus profesores.

12.^a Regular a estrutura e funcionamento do Centro de Documentación Xudicial, así como nomear o seu director e o resto do seu persoal.

13.^a Nomear o vicepresidente do Tribunal Supremo, o promotor da acción disciplinaria e o xefe da Inspección de Tribunais.

14.^a Nomear o director do Gabinete Técnico do Consello Xeral do Poder Xudicial.

15.^a Regular e convocar o concurso-oposición de ingreso no corpo de letrados do Consello Xeral do Poder Xudicial.

16.^a Exercer a potestade regulamentaria, no marco estrito de desenvolvemento das previsións da Lei orgánica do poder xudicial, nas seguintes materias:

- a) Organización e funcionamento do Consello Xeral do Poder Xudicial.
- b) Persoal do Consello Xeral do Poder Xudicial no marco da lexislación sobre a función pública.
- c) Órganos de goberno de xulgados e tribunais.
- d) Publicidade das actuacións xudiciais.
- e) Publicación e reutilización das resolucións xudiciais.
- f) Habilitación de días e horas, así como fixación de horas de audiencia pública.
- g) Constitución dos órganos xudiciais fóra da súa sede.
- h) Especialización de órganos xudiciais.
- i) Repartición de asuntos e ponencias.
- j) Réxime de gardas dos órganos xurisdiccionais.
- k) Organización e xestión da actuación dos órganos xudiciais españois en materia de cooperación xurisdiccional interna e internacional.
- l) Establecemento das bases e estándares de compatibilidade dos sistemas informáticos que se utilicen na Administración de xustiza.
- m) Condicións accesorias para o exercicio dos dereitos e deberes que conforman o estatuto de xuíces e maxistrados, así como o réxime xurídico das asociacións xudiciais, sen que tal desenvolvemento regulamentario poida supor innovación ou alteración ningunha da regulación legal.

En ningún caso, as disposicións regulamentarias do Consello Xeral do Poder Xudicial poderán afectar ou regular directa ou indirectamente os dereitos e deberes de persoas alleas a el.

17.^a Elaborar e executar o seu propio orzamento, nos termos previstos na presente lei orgánica.

18.^a Aprobar a relación de postos de traballo do persoal funcionario ao seu servizo.

19.^a Colaborar coa Autoridade de Control en materia de protección de datos no ámbito da Administración de xustiza. Así mesmo, asumirá as competencias propias daquela, unicamente respecto á actuación de xuíces e maxistrados con ocasión do uso de ficheiros xudiciais.

20.^a Recibir queixas dos cidadáns en materias relacionadas coa Administración de xustiza.

21.^a Elaborar e aprobar, conxuntamente co Ministerio de Xustiza e, se for o caso, oídas as comunidades autónomas cando afectar materias da súa competencia, os sistemas de racionalización, organización e medición de traballo que se consideren convenientes para determinar a carga de traballo que poida soportar un órgano xurisdiccional.

A determinación da carga de traballo que cabe exixir, para efectos disciplinarios, ao xuíz ou ao maxistrado corresponderá en exclusiva ao Consello Xeral do Poder Xudicial.

22.^a Propor, logo de xustificación da necesidade, as medidas de reforzo que sexan precisas en órganos xudiciais concretos.

23.^a Emitir informe nos expedientes de responsabilidade patrimonial por anormal funcionamento da Administración de xustiza.

24.^a Aqueloutras que lle atribúa a Lei orgánica do poder xudicial.

2. Os proxectos de regulamentos de desenvolvemento someteranse a informe das asociacións profesionais de xuíces e maxistrados e das corporacións profesionais ou asociacións doutra natureza que teñan recoñecida legalmente representación de intereses aos cales poidan afectar. Darase intervención á Administración do Estado, por medio do Ministerio de Xustiza, e ás das comunidades autónomas sempre que unha e outras teñan competencias relacionadas co contido do regulamento ou sexa necesario coordinar estas coas do Consello Xeral. Solicitaranse as consultas e os estudos previos que se consideren pertinentes e un ditame de legalidade sobre o proxecto.

En todo caso, elaborárase un informe previo de impacto de xénero.

O Ministerio Fiscal será oído cando o afecte a materia sobre a que verse o proxecto e especialmente nos supostos previstos nas letras d) e f) a j) do número 1.16.^a deste artigo.

3. Para os efectos do previsto na letra l) do número 1.16.^a deste artigo, o Consello Xeral do Poder Xudicial someterá á aprobación do Comité Técnico Estatal da Administración Xudicial Electrónica a definición e validación funcional dos programas e aplicacións informáticas e establecerá, a nivel estatal, os modelos de resolucións, procedementos e fitos clave da xestión procesual.

En todo caso, a implementación técnica de todas estas medidas nos programas e aplicacións informáticas corresponderá ao Ministerio de Xustiza e demais administracións con competencias sobre os medios materiais ao servizo da Administración de xustiza.

4. Cando no exercicio das atribucións legalmente previstas neste artigo o Consello Xeral do Poder Xudicial adopte medidas que comporten un incremento de gasto, será preciso informe favorable da Administración competente que deba soportar o dito gasto.

Artigo 561.

1. Someteranse a informe do Consello Xeral do Poder Xudicial os anteproxectos de lei e disposicións xerais que versen sobre as seguintes materias:

- 1.^a Modificacións da Lei orgánica do poder xudicial.
- 2.^a Determinación e modificación das demarcacións xudiciais, así como da súa capitalidade.
- 3.^a Fixación e modificación do cadro de persoal orgánico de xuíces e maxistrados, secretarios xudiciais e persoal ao servizo da Administración de xustiza.
- 4.^a Estatuto orgánico de xuíces e maxistrados.
- 5.^a Estatuto orgánico dos secretarios xudiciais e do resto do persoal ao servizo da Administración de xustiza.
- 6.^a Normas procesuais ou que afecten aspectos xurídico-constitucionais da tutela ante os tribunais ordinarios do exercicio de dereitos fundamentais.
- 7.^a Normas que afecten a constitución, organización, funcionamento e goberno dos tribunais.
- 8.^a Leis penais e normas sobre réxime penitenciario.
- 9.^a Calquera outra cuestión que o Goberno, as Cortes Xerais ou, se for o caso, as asembleas lexislativas das comunidades autónomas estimen oportuna.

2. O Consello Xeral do Poder Xudicial emitirá o seu informe no prazo improrrogable de trinta días. Se na orde de remisión se fixer constar a urxencia do informe, o prazo será de quince días. Excepcionalmente, o órgano remitente poderá conceder unha prórroga do prazo atendendo ás circunstancias do caso.

3. O Goberno remitirá o dito informe ás Cortes Xerais no caso de se tratar de anteproxectos de lei.

Artigo 562.

Todas as actividades internacionais do Consello Xeral do Poder Xudicial se levarán a cabo en coordinación co Ministerio de Asuntos Exteriores e de acordo coas directrices en materia de política exterior que, no exercicio das súas competencias, sexan fixadas por este, sen prexuízo das competencias que en materia de cooperación xurisdiccional internacional teña o Consello Xeral do Poder Xudicial de acordo co disposto na presente lei orgánica.

Artigo 563.

1. O Consello Xeral do Poder Xudicial remitirá ás Cortes Xerais, anualmente, unha memoria sobre o estado, funcionamento e actividades do propio Consello Xeral do Poder Xudicial e dos xulgados e tribunais, onde se incluírán as necesidades que, ao seu xuízo, existan en materia de persoal, instalacións e recursos para o correcto desempeño das funcións que a Constitución e as leis asignan ao poder xudicial.

2. Na dita memoria incluírase tamén un capítulo sobre o impacto de xénero no ámbito xudicial.

3. As Cortes Xerais, de acordo cos regulamentos das cámaras, poderán debater o contido da memoria e solicitar a comparecencia do presidente do Tribunal Supremo, co fin de que responda ás preguntas que se lle formulen acerca da referida memoria.

Artigo 564.

Fóra do suposto previsto no artigo anterior, sobre o presidente do Tribunal Supremo e os vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial non recaerá deber ningún de comparecer ante as cámaras por razón das súas funcións.

Artigo 565.

1. Para o exercicio das atribucións que ten encomendadas, o Consello Xeral do Poder Xudicial, en exercicio da súa autonomía como órgano constitucional, elaborará o seu orzamento.

2. A elaboración e execución do orzamento do Consello Xeral do Poder Xudicial suxeitarase, en todo caso, á lexislación orzamentaria xeral.

3. O control interno do gasto do Consello Xeral do Poder Xudicial será levado a cabo por un funcionario pertencente ao corpo superior de interventores e auditores do Estado, que dependerá funcionalmente do Consello Xeral do Poder Xudicial, e o control externo, polo Tribunal de Contas.

4. O Consello Xeral do Poder Xudicial, máximo órgano de goberno do poder xudicial, está vinculado polos principios de estabilidade e sustentabilidade orzamentaria.

TÍTULO II

Dos vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial

CAPÍTULO I

Designación e substitución dos vogais

Artigo 566.

O Consello Xeral do Poder Xudicial estará integrado polo presidente do Tribunal Supremo, que o presidirá, e por vinte vogais, dos cales doce serán xuíces ou maxistrados en servizo activo na carreira xudicial e oito, xuristas de recoñecida competencia.

Artigo 567.

1. Os vinte vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial serán designados polas Cortes Xerais do modo establecido na Constitución e na presente lei orgánica.

2. Cada unha das cámaras elixirá, por maioría de tres quintos dos seus membros, dez vogais, catro entre xuristas de recoñecida competencia con máis de quince anos de exercicio na súa profesión e seis correspondentes á quenda xudicial, conforme o previsto no capítulo II do presente título.

3. Poderán ser elixidos pola quenda de xuristas aqueles xuíces ou maxistrados que non se encontren en servizo activo na carreira xudicial e que conten con máis de quince anos de experiencia profesional, tendo en conta para isto tanto a antigüidade na carreira xudicial como os anos de experiencia noutras profesións xurídicas. Quen, desexando presentar a súa candidatura para ser designado vogal, ocupar cargo incompatible con aquel segundo a lexislación vixente, comprometerase a formalizar a súa renuncia ao mencionado cargo se resultar elixido.

4. As cámaras designarán, así mesmo, tres suplentes para cada unha das quendas polas que se pode acceder á designación como vogal, e fixarán a orde pola que deba procederse en caso de substitución.

5. En ningún caso poderá recaer a designación de vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial en vogais do Consello saínte.

Artigo 568.

1. O Consello Xeral do Poder Xudicial renovarase na súa totalidade cada cinco anos, contados desde a data da súa constitución. Os presidentes do Congreso dos Deputados e do Senado deberán adoptar as medidas necesarias para que a renovación do Consello se produza en prazo.

2. Para tal efecto, e co fin de que as cámaras poidan dar comezo ao proceso de renovación do Consello, catro meses antes da expiración do mencionado prazo, o presidente do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial disporá:

a) A remisión aos presidentes do Congreso dos Deputados e do Senado dos datos do escalafón e do Rexistro de Asociacións Xudiciais existentes na dita data no Consello.

b) A apertura do prazo de presentación de candidaturas para a designación dos vogais correspondentes á quenda xudicial.

O presidente do Tribunal Supremo dará conta ao Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial dos referidos actos na primeira sesión ordinaria que se celebre tras a súa realización.

Artigo 569.

1. Os vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial serán nomeados polo rei mediante real decreto, tomarán posesión do seu cargo prestando xuramento ou promesa ante o rei e celebrarán a continuación a súa sesión constitutiva.

2. A toma de posesión e a sesión constitutiva terán lugar dentro dos cinco días posteriores á expiración do anterior Consello, salvo no suposto previsto no artigo 570.2 desta lei orgánica.

Artigo 570.

1. Se o día da sesión constitutiva do novo Consello Xeral do Poder Xudicial algunha das cámaras non tiver procedido aínda á elección dos vogais cuxa designación lle corresponda, constituirase o Consello Xeral do Poder Xudicial cos dez vogais designados pola outra Cámara e cos vogais do Consello saínte que tiveren sido designados no seu momento pola Cámara que incumprise o prazo de designación, e poderá, desde ese momento, exercer todas as súas atribucións.

2. Se ningunha das dúas cámaras tiver efectuado no prazo legalmente previsto a designación dos vogais que lles corresponda, o Consello saínte continuará en funcións ata a toma de posesión do novo, e non se poderá proceder, ata daquela, á elección de novo presidente do Consello Xeral do Poder Xudicial.

3. O nomeamento de vogais con posterioridade á expiración do prazo concedido legalmente para a súa designación non suporá, en ningún caso, a ampliación da duración do seu cargo máis alá dos cinco anos de mandato do Consello Xeral do Poder Xudicial para o que tiveren sido designados, salvo o previsto no número anterior.

4. Unha vez que se produza a designación dos vogais pola Cámara que incumprise o prazo de designación, deberá procederse á substitución dos vogais saíntes que formasen parte dalgunha das comisións legalmente previstas. Os novos vogais deberán ser elixidos polo Pleno tendo en conta a quenda pola que fosen designados os vogais saíntes, e formarán parte da Comisión respectiva polo tempo que resta ata a súa renovación.

5. A mera circunstancia de que a designación de vogais se produza unha vez constituído o novo Consello non servirá de xustificación para revisar os acordos que se tiveren adoptado ata ese momento.

Artigo 571.

1. O cesamento anticipado dos vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial dará lugar á súa substitución; o presidente do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial procederá a pólo en coñecemento da Cámara competente para que proceda á proposta de nomeamento dun novo vogal conforme a orde establecida no artigo 567.4 da presente lei orgánica.

2. O novo vogal exercerá o seu cargo polo tempo que reste ata a finalización do mandato do Consello Xeral do Poder Xudicial.

CAPÍTULO II

Procedemento de designación de vogais de orixe xudicial

Artigo 572.

A designación dos vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial correspondentes á quenda xudicial rexerase polo disposto na presente lei orgánica.

Artigo 573.

1. Calquera xuíz ou maxistrado en servizo activo na carreira xudicial poderá presentar a súa candidatura para ser elixido vogal pola quenda xudicial, salvo que se ache nalgunha das situacións que, conforme o establecido nesta lei, llo impidan.

2. O xuíz ou maxistrado que, desexando presentar a súa candidatura para ser designado vogal ocupar cargo incompatible, comprometerase a formalizar a súa renuncia ao mencionado cargo se resultar elixido.

Artigo 574.

1. O xuíz ou maxistrado que desexe presentar a súa candidatura poderá elixir entre achegar o aval de vinte e cinco membros da carreira xudicial en servizo activo ou o aval dunha asociación xudicial legalmente constituída no momento en que se decreta a apertura do prazo de presentación de candidaturas.

2. Cada un dos xuíces ou maxistrados ou asociacións xudiciais a que se refire o número anterior poderá avalar ata un máximo de doce candidatos.

Artigo 575.

1. O prazo de presentación de candidaturas será dun mes contado desde o día seguinte á data en que o presidente do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial ordene a apertura do dito prazo.

2. O xuíz ou maxistrado que desexe presentar a súa candidatura para ser designado vogal pola quenda de orixe xudicial dirixirá escrito ao presidente do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial en que poña de manifesto a súa intención de ser designado vogal. O mencionado escrito deberá ir acompañado dunha memoria xustificativa das liñas de actuación que, ao seu xuízo, debería desenvolver o Consello Xeral do Poder Xudicial, así como dos vinte e cinco avais ou o aval da asociación xudicial exixidos legalmente para a súa presentación como candidato.

Artigo 576.

1. Corresponde á Xunta Electoral resolver cantas cuestións se formulen no proceso de presentación de candidaturas a vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial pola quenda xudicial e proceder á proclamación de candidaturas.

2. A Xunta Electoral estará integrada polo presidente de sala máis antigo do Tribunal Supremo, quen a presidirá, e por dous vogais: o maxistrado máis antigo e o máis moderno do Tribunal Supremo, e actuará como secretario, con voz pero sen voto, o secretario de Goberno do Tribunal Supremo.

3. A Xunta Electoral constituirase dentro dos tres días seguintes ao inicio do procedemento de designación de candidatos a vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial pola quenda xudicial, e disolverase unha vez concluído definitivamente o procedemento de presentación de candidaturas, incluída a resolución dos recursos contencioso-administrativos, se os houber.

4. A Xunta Electoral será convocada polo seu presidente cando o considere necesario. Para que a reunión poida ter lugar, será precisa a asistencia de todos os seus membros ou dos seus substitutos.

5. En caso de ausencia do presidente, asumirá as súas funcións o seguinte presidente de sala do Tribunal Supremo en orde de antigüidade. Así mesmo, o maxistrado máis antigo e o máis moderno serán, se for o caso, substituídos polos seguintes maxistrados do Tribunal Supremo máis antigo e moderno do escalafón, respectivamente. En caso de ausencia do secretario, será substituído polo secretario do Tribunal Supremo de maior antigüidade.

6. Os acordos da Xunta Electoral tomaranse por maioría simple.

7. Finalizado o prazo de presentación de candidaturas, a Xunta Electoral procederá a publicar, dentro dos dous días seguintes, a lista de candidatos que reúnan os requisitos legalmente exixidos.

8. A lista será exposta publicamente na intranet do Consello Xeral do Poder Xudicial e as candidaturas presentadas poderán ser impugnadas dentro dos tres días seguintes á súa publicación.

9. Transcorrido o dito prazo, a Xunta Electoral resolverá dentro dos tres días seguintes as impugnacións que se tiveren formulado e procederá, de inmediato, á publicación do acordo de proclamación de candidaturas.

Artigo 577.

1. Contra a proclamación definitiva de candidaturas caberá interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous días desde a publicación do acordo.

2. O coñecemento do recurso contencioso-administrativo corresponderá á Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, que deberá resolver no prazo de tres días desde a súa interposición.

Artigo 578.

1. Transcorridos, se for o caso, os prazos sinalados no artigo anterior, o presidente do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial remitirá as candidaturas definitivamente admitidas aos presidentes do Congreso e do Senado, co fin de que ambas as cámaras procedan á designación dos vogais da quenda xudicial conforme o previsto no artigo 567 da presente lei orgánica.

2. Na designación dos vogais da quenda xudicial, as cámaras tomarán en consideración o número existente na carreira xudicial, no momento de proceder á renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial, de xuíces e maxistrados non afiliados e de afiliados a cada unha das distintas asociacións xudiciais.

3. A designación dos doce vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial da quenda xudicial deberá respectar, como mínimo, a seguinte proporción: tres maxistrados do Tribunal Supremo; tres maxistrados con máis de vinte e cinco anos de antigüidade na carreira xudicial e seis xuíces ou maxistrados sen suxeición a antigüidade. Se non existiren candidatos a vogais dentro dalgunha das mencionadas categorías, a vacante acrecentará a cota da seguinte pola orde establecida neste precepto.

CAPÍTULO III

Estatuto dos vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial

Artigo 579.

1. Os vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial, salvo os que integren a Comisión Permanente, permanecerán en servizo activo se pertencen á carreira xudicial ou a algún corpo de funcionarios, e seguirán desempeñando a súa actividade profesional se son avogados, procuradores dos tribunais ou exercen calquera outra profesión liberal.

2. Os vogais que integren a Comisión Permanente, durante o tempo que formen parte dela, desempeñarán o seu cargo con carácter exclusivo e pasarán, se for o caso, á situación administrativa de servizos especiais no seu corpo de orixe.

3. Non poderá compatibilizarse o cargo de vogal con dedicación exclusiva co desempeño simultáneo doutras responsabilidades gobernativas no ámbito xudicial. En caso de concurrencia e mentres se teña o cargo de vogal con dedicación exclusiva, estas responsabilidades serán asumidas por quen deba substituír o interesado segundo a lexislación vixente.

4. Os vogais terán a obrigaición de asistir, salvo causa xustificada, a todas as sesións do Pleno e da Comisión de que formen parte.

Artigo 580.

1. O exercicio da función de vogal do Consello Xeral do Poder Xudicial será incompatible con calquera outro cargo público, electivo ou non electivo, coa única excepción, se é o caso, do servizo no corpo a que pertenza.

2. Rexerán para os vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial as causas de abstención e recusación legalmente establecidas para as autoridades e persoal ao servizo da Administración xeral do Estado. En todo caso, deberán absterse de coñecer aqueles asuntos en que poida existir un interese directo ou indirecto, ou cando a súa intervención neles puiden afectar a imparcialidade obxectiva na súa actuación como vogal.

3. Os vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial non poderán invocar ou facer uso da súa condición de tales no exercicio da súa profesión.

4. Considerarase un incumprimento moi grave dos deberes inherentes ao cargo de vogal o quebrantamento da prohibición imposta no número anterior, así como a utilización da súa condición de vogal para calquera fin, público ou privado, alleo ao adecuado exercicio das atribucións do Consello Xeral do Poder Xudicial. Se unha situación deste tipo se producir, o Pleno, por maioría de tres quintos, poderá destituír o vogal infractor.

Artigo 581.

Os vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial non estarán ligados por mandato imperativo.

Artigo 582.

1. Os vogais só cesarán nos seus cargos polo transcurso dos cinco anos para os que foron nomeados, así como por renuncia aceptada polo presidente do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial, ou por incapacidade, incompatibilidade ou incumprimento grave dos deberes do cargo, apreciados polo Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial mediante maioría de tres quintos.

2. Os vogais de orixe xudicial tamén cesarán cando deixen de estar en servizo activo na carreira xudicial, salvo no suposto previsto no artigo 579.2 desta lei orgánica, así como cando por xubilación ou outra causa prevista nesta lei orgánica deixen de pertencer á carreira xudicial.

Artigo 583.

A responsabilidade civil e penal dos membros do Consello Xeral do Poder Xudicial exíxirase polos trámites establecidos para os maxistrados do Tribunal Supremo.

Artigo 584.

Os vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial non poderán ser promovidos, mentres dure o seu mandato, á categoría de maxistrado do Tribunal Supremo ou a maxistrado do Tribunal Constitucional, nin nomeados para calquera cargo da carreira xudicial de libre designación ou en cuxa provisión conorra apreciación de méritos.

TÍTULO III

Do presidente do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial, do vicepresidente do Tribunal Supremo e do Gabinete de Presidencia do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial

CAPÍTULO I

Do presidente do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial e do vicepresidente do Tribunal Supremo

Artigo 585.

O presidente do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial é a primeira autoridade xudicial da Nación, ten a representación do poder xudicial e do seu órgano de goberno, e correspóndenlle o tratamento e os honores inherentes a tal condición.

Artigo 586.

1. Para ser elixido presidente do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial será necesario ser membro da carreira xudicial coa categoría de maxistrado do Tribunal Supremo e reunir as condicións exixidas para ser presidente de sala deste, ou ben ser un xurista de recoñecida competencia con máis de vinte e cinco anos de antigüidade no exercicio da súa profesión.

2. Na sesión constitutiva do Consello Xeral do Poder Xudicial, que será presidida polo vogal de máis idade, deberán presentarse e facerse públicas as diferentes candidaturas, sen que cada vogal poida propor máis dun nome.

3. A elección terá lugar nunha sesión que se celebrará entre tres e sete días máis tarde, e será elixido quen en votación nominal obteña o apoio da maioría de tres quintos dos membros do Pleno; e, se nunha primeira votación ningún dos candidatos resultar elixido, procederase inmediatamente a unha segunda votación exclusivamente entre os dous candidatos máis votados naquela e resultará elixido quen obteña maior número de votos.

4. O presidente do Tribunal Supremo será nomeado polo rei mediante real decreto referendado polo presidente do Goberno.

5. O presidente do Tribunal Supremo prestará xuramento ou promesa ante o rei e tomará posesión do seu cargo ante o Pleno do dito Alto Tribunal.

Artigo 587.

1. A duración do mandato do presidente do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial coincidirá coa do Consello que o elixise.

2. O presidente do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial poderá ser reelixido e nomeado, por unha soa vez, para un novo mandato.

Artigo 588.

1. O presidente do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial cesará polas seguintes causas:

1.^a Por ter expirado o termo do seu mandato, que se entenderá esgotado, en todo caso, na mesma data en que conclúa o do Consello polo que tiver sido elixido.

2.^a Por renuncia.

3.^a Por decisión do Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial, a causa de notoria incapacidade ou incumprimento grave dos deberes do cargo, apreciados por tres quintos dos seus membros.

2. As causas segunda e terceira deste artigo comunicaranse ao Goberno por mediación do ministro de Xustiza. En tales casos, procederase a novo nomeamento de presidente do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Artigo 589.

1. No primeiro pleno ordinario do Consello Xeral do Poder Xudicial posterior á elección do presidente do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial deberase elixir o vicepresidente do Tribunal Supremo.

2. O vicepresidente do Tribunal Supremo será nomeado, por maioría absoluta, polo Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial, por proposta do presidente. Para figurar na proposta será preciso ter a categoría de maxistrado do Tribunal Supremo, estar en servizo activo e reunir os requisitos para ser presidente de sala deste.

3. A proposta realizada polo presidente do Tribunal Supremo deberá comunicarse aos vogais ao menos con sete días de antelación, e farase pública.

4. De non se alcanzar maioría absoluta na votación, o presidente do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial deberá efectuar unha nova proposta de vicepresidente.

5. O vicepresidente do Tribunal Supremo poderá ser separado polo Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial por causa xustificada, co voto favorable de tres quintos dos membros do Pleno.

Artigo 590.

O vicepresidente exercerá, en funcións, o cargo de presidente do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial nos casos legalmente previstos de cesamento anticipado do presidente e ata o nomeamento dun novo presidente.

Artigo 591.

1. O vicepresidente prestará ao presidente do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial a colaboración necesaria para o adecuado cumprimento das súas funcións. Para estes efectos, substituirá nos supostos de vacante, ausencia, enfermidade ou outro motivo lexítimo.

2. O vicepresidente do Tribunal Supremo poderá exercer, por delegación do presidente, a superior dirección do Gabinete Técnico deste alto tribunal, así como todas aquelas funcións que o presidente lle delegue expresamente mediando causa xustificada.

Artigo 592.

O vicepresidente do Tribunal Supremo será membro nato da Sala de Goberno do dito tribunal e corresponderalle propor a esta e ao presidente a adopción daquelas decisións orientadas a garantir o correcto funcionamento do Tribunal Supremo, así como velar pola exacta execución dos acordos adoptados pola Sala de Goberno.

Artigo 593.

1. O presidente do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial, se proceder da carreira xudicial, quedará na situación administrativa de servizos especiais. De non pertencer á carreira xudicial, a súa situación administrativa será, se for o caso, a que corresponda ao seu corpo de procedencia.

2. O vicepresidente do Tribunal Supremo, que permanecerá na situación administrativa de servizo activo, ocupará o cargo durante cinco anos, salvo no suposto previsto no artigo 589.5 desta lei orgánica.

3. A responsabilidade civil e penal do presidente do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial e do vicepresidente exixirase polos trámites establecidos para os maxistrados do dito Alto Tribunal.

CAPÍTULO II

Do Gabinete da Presidencia do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial

Artigo 594.

1. O presidente do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial estará asistido por un director de Gabinete da Presidencia, nomeado e separado libremente por el.

2. Só poderán desempeñar o cargo de director de Gabinete da Presidencia un maxistrado do Tribunal Supremo ou aqueles membros da carreira xudicial ou xuristas de recoñecida competencia que reúnan os requisitos legalmente exixidos para poderen acceder á categoría de maxistrado do Tribunal Supremo.

3. O director do Gabinete da Presidencia auxiliará o presidente nas súas funcións, exercerá aquelas outras que lle encomende o presidente e dirixirá os servizos de secretaría de Presidencia, tanto do Tribunal Supremo como do Consello Xeral do Poder Xudicial.

4. Mentres desempeñe o cargo, o director do Gabinete da Presidencia terá, para efectos representativos, a consideración de maxistrado do Tribunal Supremo.

5. O Regulamento de organización e funcionamento do Consello Xeral do Poder Xudicial determinará a estrutura e funcionamento do Gabinete da Presidencia.

TÍTULO IV

Dos órganos do Consello Xeral do Poder Xudicial

Artigo 595.

1. Ademais das funcións encomendadas á Presidencia, o Consello Xeral do Poder Xudicial exerce as súas atribucións en pleno ou a través das comisións previstas nesta lei orgánica.

2. No Consello Xeral do Poder Xudicial existirán as seguintes comisións: Permanente, Disciplinaria, de Asuntos Económicos e de Igualdade.

Artigo 596.

O vicepresidente do Tribunal Supremo non exercerá no Consello Xeral do Poder Xudicial outras funcións máis que as previstas expresamente nesta lei.

CAPÍTULO I

A Presidencia

Artigo 597.

A Presidencia do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial é unha función inherente ao cargo de presidente do Tribunal Supremo.

Artigo 598.

Corresponde á Presidencia do Consello Xeral do Poder Xudicial:

1.^a Ter a representación do Consello Xeral do Poder Xudicial.

2.^a Convocar e presidir as sesións do Pleno e da Comisión Permanente, e decidir os empates con voto de calidade.

- 3.^a Fixar a orde do día das sesións do Pleno e da Comisión Permanente.
- 4.^a Propor ao Pleno e á Comisión Permanente as cuestións que considere oportunas en materia da competencia destes.
- 5.^a Propor o nomeamento de ponencias para preparar a resolución ou despacho dun asunto.
- 6.^a Autorizar coa súa sinatura os acordos do Pleno e da Comisión Permanente.
- 7.^a Exercer a superior dirección das actividades dos órganos técnicos do Consello Xeral do Poder Xudicial.
- 8.^a Dirixir a comunicación institucional.
- 9.^a Realizar a proposta do maxistrado, das salas Segunda ou Terceira do Tribunal Supremo, competente para coñecer da autorización das actividades do Centro Nacional de Intelixencia que afecten os dereitos fundamentais recoñecidos no artigo 18.2 e 3 da Constitución, así como do maxistrado das ditas salas do Tribunal Supremo que o substitúa en caso de vacancia, ausencia ou imposibilidade.
- 10.^a Nomear e separar o director do Gabinete da Presidencia e o director da Oficina de Comunicación, así como o persoal eventual ao servizo do presidente.
- 11.^a Propor ao Pleno o nomeamento do vicepresidente do Tribunal Supremo, do secretario xeral e do vicesecretario xeral, así como, nos dous últimos casos, acordar o seu cesamento.
- 12.^a Poderá encargar asuntos a vogais concretos ou a grupos de traballo sempre que esta encarga non teña carácter permanente nin indefinido.
- 13.^a As demais previstas na presente lei orgánica.

CAPÍTULO II

O Pleno

Artigo 599.

1. O Pleno coñecerá exclusivamente das seguintes materias:
 - 1.^a A proposta de nomeamento, por maioría de tres quintos, dos dous maxistrados do Tribunal Constitucional cuxa designación corresponde ao Consello Xeral do Poder Xudicial.
 - 2.^a A proposta de nomeamento, nos termos previstos por esta lei orgánica, do presidente do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial, así como a emisión do informe previo sobre o nomeamento do fiscal xeral do Estado.
 - 3.^a O nomeamento, nos termos previstos por esta lei orgánica, do vicepresidente do Tribunal Supremo, do secretario xeral e do vicesecretario xeral do Consello Xeral do Poder Xudicial.
 - 4.^a Todos os nomeamentos ou propostas de nomeamentos e promocións que impliquen algunha marxe de discrecionalidade ou apreciación de méritos.
 - 5.^a A interposición do conflito de atribucións entre órganos constitucionais do Estado.
 - 6.^a A designación dos vogais compoñentes das diferentes comisións.
 - 7.^a O exercicio da potestade regulamentaria nos termos previstos nesta lei.
 - 8.^a A aprobación do orzamento do Consello Xeral do Poder Xudicial e a recepción da rendición de contas da súa execución.
 - 9.^a A aprobación da memoria anual.
 - 10.^a A resolución daqueles expedientes disciplinarios en que a proposta de sanción consista na separación da carreira xudicial.
 - 11.^a A resolución dos recursos de alzada interpostos contra os acordos sancionadores da Comisión Disciplinaria.
 - 12.^a A aprobación dos informes sobre os anteproxectos de lei ou de disposicións xerais que sometan ao seu ditame o Goberno ou as cámaras lexislativas.

Artigo 600.

1. O Pleno reunirse en sesión ordinaria, por convocatoria do presidente, unha vez ao mes.

2. Deberá celebrarse sesión extraordinaria se o considerar oportuno o presidente ou se o solicitaren cinco vogais, para o exercicio dalgunha das competencias referidas no artigo anterior. De igual forma, deberá celebrarse sesión extraordinaria se así for necesario para dar cumprimento en prazo a algunha das competencias atribuídas ao Pleno.

3. Na sesión en que se teña que proceder á elección do presidente do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial será necesaria, para a válida constitución do Pleno, ao menos a presenza de doce dos seus membros.

4. Nos demais casos, para a válida constitución do Pleno será sempre necesaria, como mínimo, a presenza de dez vogais e o presidente.

CAPÍTULO III

A Comisión Permanente

Artigo 601.

1. O Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial elixirá anualmente os vogais integrantes da Comisión Permanente.

2. A Comisión Permanente estará composta polo presidente do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial, que a presidirá, e outros cinco vogais: tres dos nomeados pola quenda xudicial e dous dos designados pola quenda de xuristas de recoñecida competencia. Con excepción dos membros da Comisión Disciplinaria, procurarase a rotación anual do resto dos vogais na composición anual da Comisión Permanente.

3. O Consello Xeral do Poder Xudicial determinará, no Regulamento de organización e funcionamento, os casos e a forma en que, por razóns de transitoria imposibilidade ou ausencia xustificada ás sesións da Comisión Permanente, se deba proceder á substitución dos vogais titulares por outros vogais, co fin de garantir a correcta composición e o adecuado funcionamento da dita comisión.

Artigo 602.

1. Á Comisión Permanente compételle o exercicio de todas as atribucións do Consello Xeral do Poder Xudicial que non estean expresamente reservadas á Presidencia, ao Pleno, á Comisión Disciplinaria, á Comisión de Igualdade ou á Comisión de Asuntos Económicos pola presente lei orgánica.

2. Sen prexuízo do disposto no número anterior, o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Xeral do Poder Xudicial poderá atribuír competencias aos xefes dos servizos para supostos que, sen estaren reservados ao Pleno, non supoñan exercicio de potestades discrecionais. Neste caso, caberá recurso de alzada ante a Comisión Permanente contra as resolucións dos xefes dos servizos.

3. En todo caso, a Comisión Permanente preparará as sesións do Pleno e velará pola exacta execución dos seus acordos.

CAPÍTULO IV

A Comisión Disciplinaria e o promotor da acción disciplinaria

Artigo 603.

1. O Pleno elixirá os vogais integrantes da Comisión Disciplinaria, cuxo mandato, salvo as substitucións que procedan, será de cinco anos.

2. A Comisión Disciplinaria estará composta por sete vogais: catro da quenda xudicial e tres da quenda de xuristas de recoñecida competencia.

3. A Comisión Disciplinaria deberá actuar coa asistencia de todos os seus compoñentes e baixo a presidencia do vogal de orixe xudicial con maior categoría e antigüidade.

4. En caso de transitoria imposibilidade ou ausencia xustificada dalgún dos seus compoñentes, a Comisión Permanente procederá á súa substitución por outro vogal de idéntica procedencia.

Artigo 604.

1. Á Comisión Disciplinaria compételle resolver os expedientes disciplinarios incoados por infraccións graves e moi graves e impor, se for o caso, as sancións que correspondan a xuíces e maxistrados, coa única excepción daqueles supostos en que a sanción proposta for de separación do servizo.

2. Os acordos sancionadores da Comisión Disciplinaria a que se refire o número anterior serán impugnables, no prazo dun mes, enalzada ante o Pleno.

3. A Comisión Disciplinaria coñecerá igualmente dos recursos de alzada interpostos contra as resolucións sancionadoras dos órganos de goberno interno dos tribunais.

Artigo 605.

A recepción de queixas sobre o funcionamento dos órganos xudiciais, a recepción de denuncias, así como a iniciación e instrución de expedientes disciplinarios e a presentación dos cargos ante a Comisión Disciplinaria corresponden ao promotor da acción disciplinaria.

Artigo 606.

1. O promotor da acción disciplinaria será nomeado polo Pleno e o seu mandato coincidirá co do Consello que o nomeou.

2. Unha vez vacante a praza, o Consello Xeral do Poder Xudicial fará unha convocatoria para a súa provisión entre maxistrados do Tribunal Supremo e maxistrados con máis de vinte e cinco anos de antigüidade na carreira xudicial.

3. En primeira votación será elixido quen obteña a maioría absoluta; e, se ninguén a obtiver, procederase a unha segunda votación en que resultará elixido aquel que lograr maior número de votos.

4. O promotor da acción disciplinaria permanecerá en servizos especiais na carreira xudicial e exercerá exclusivamente as funcións inherentes ao seu cargo.

5. O promotor da acción disciplinaria só poderá ser separado por incapacidade ou incumprimento grave dos seus deberes, apreciados polo Pleno mediante maioría absoluta.

6. Cando por circunstancias excepcionais, físicas ou legais, o promotor da acción disciplinaria se vir imposibilitado transitoriamente para exercer as súas funcións, a Comisión Permanente proverá, unicamente polo tempo que dure a dita imposibilidade, a súa substitución nomeando un maxistrado que reúna os mesmos requisitos exixidos ao promotor para a súa designación.

7. Mentres desempeñe o cargo, o promotor da acción disciplinaria terá, en todo caso, a consideración honorífica de maxistrado do Tribunal Supremo.

Artigo 607.

1. O promotor da acción disciplinaria estará asistido polo número de letrados do Consello Xeral do Poder Xudicial que estableza o seu regulamento de organización e funcionamento.

2. Os letrados do Consello Xeral do Poder Xudicial baixo as ordes do promotor da acción disciplinaria non poderán exercer ningunha outra función e só estarán sometidos á Secretaría Xeral en cuestións estritamente atinentes á súa relación de servizo.

3. Corresponde ao promotor da acción disciplinaria a instrución dos expedientes disciplinarios. Excepcionalmente, o promotor poderá delegar, de forma expresa e motivada, a realización de determinados actos de instrución dun expediente disciplinario nalgún dos letrados do Consello que o asisten e que pertencen á carreira xudicial.

4. Os xuíces e maxistrados están obrigados a colaborar co promotor da acción disciplinaria. O promotor poderá requirir a presenza do xuíz ou maxistrado expedientado, por conduto do presidente do correspondente tribunal, quen deberá emitir informe en que se acredite a cobertura do servizo, co fin de que o Consello Xeral do Poder Xudicial poida outorgar ao xuíz ou maxistrado comisión de servizos para realizar o desprazamento requirido.

Artigo 608.

1. Fronte á decisión do promotor da acción disciplinaria de non iniciar expediente disciplinario ou de arquivar un xa iniciado poderase interpor recurso ante a Comisión Permanente.

2. Se a Comisión Permanente estimar o recurso, iniciárase ou continuarase o expediente disciplinario de que se trate.

3. A Comisión Permanente tamén poderá, de oficio, ordenar ao promotor da acción disciplinaria a iniciación ou continuación dun expediente disciplinario.

CAPÍTULO V

A Comisión de Asuntos Económicos

Artigo 609.

1. O Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial elixirá anualmente os vogais integrantes da Comisión de Asuntos Económicos e, de entre eles, designará o seu presidente.

2. A Comisión de Asuntos Económicos estará integrada por cinco vogais.

3. A Comisión de Asuntos Económicos deberá actuar coa asistencia, ao menos, de tres dos seus compoñentes.

4. Corresponde á Comisión de Asuntos Económicos a realización de estudos e proxectos de carácter económico e financeiro que lle sexan encomendados polo Pleno do Consello, o control da actividade financeira e contable da xerencia e aquelas outras que resulten necesarias para o correcto desempeño das funcións do Consello Xeral do Poder Xudicial en materia económica.

5. Así mesmo, a Comisión Permanente poderá delegar na Comisión de Asuntos Económicos a elaboración do borrador de proxecto do orzamento anual do Consello, cuxa aprobación corresponderá, en todo caso, á Comisión Permanente antes da súa elevación ao Pleno.

CAPÍTULO VI

A Comisión de Igualdade

Artigo 610.

1. O Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial elixirá anualmente, de entre os seus vogais, e atendendo ao principio de presenza equilibrada entre mulleres e homes, os compoñentes da Comisión de Igualdade.

2. A Comisión de Igualdade estará integrada por tres vogais, e será presidida pola vogal con maior antigüidade no exercicio da súa profesión xurídica.

3. A Comisión de Igualdade deberá actuar coa asistencia de todos os seus compoñentes. En caso de transitoria imposibilidade ou ausencia xustificada dalgún dos membros, procederase á súa substitución polo outro vogal do Consello Xeral do Poder Xudicial, preferentemente do mesmo sexo, que será designado pola Comisión Permanente.

4. Corresponderá á Comisión de Igualdade asesorar o Pleno sobre as medidas necesarias ou convenientes para integrar activamente o principio de igualdade entre mulleres e homes no exercicio das atribucións do Consello Xeral do Poder Xudicial e, en particular, corresponderalle elaborar os informes previos sobre impacto de xénero dos regulamentos e propor medidas para mellorar os parámetros de igualdade na carreira xudicial.

5. Así mesmo, corresponderá á Comisión de Igualdade o estudo e seguimento da resposta xudicial en materia de violencia doméstica e de xénero, servíndose para isto do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero ou de calquera outro instrumento que se poida establecer para estes efectos.

TÍTULO V

Dos órganos técnicos e do persoal do Consello Xeral do Poder Xudicial

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 611.

1. O Consello Xeral do Poder Xudicial disporá dos órganos técnicos que sexan necesarios para o correcto exercicio das súas atribucións, co obxectivo de tramitar e preparar os asuntos de que deban coñecer o Pleno e as comisións.

2. No non previsto na presente lei orgánica, o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Xeral do Poder Xudicial determinará o número de órganos técnicos, así como a estrutura, funcións e forma de nomeamento dos seus integrantes.

3. A composición e, se for o caso, o número de integrantes dos distintos órganos técnicos do Consello Xeral do Poder Xudicial determinarase no Regulamento de persoal do Consello Xeral do Poder Xudicial.

4. En particular, serán órganos técnicos do Consello Xeral do Poder Xudicial a Secretaría Xeral, o Servizo de Inspección, o Gabinete Técnico, a Escola Xudicial, o Centro de Documentación Xudicial e a Oficina de Comunicación.

5. O interventor ao servizo do Consello Xeral do Poder Xudicial quedará adscrito á Comisión Permanente.

6. En ningún caso se poderán crear órganos técnicos con funcións alleas ás atribucións do Consello Xeral do Poder Xudicial.

CAPÍTULO II

Os órganos técnicos do Consello Xeral do Poder Xudicial en particular

Sección 1.^a A Secretaría Xeral

Artigo 612.

1. No Consello Xeral do Poder Xudicial haberá unha secretaría xeral dirixida polo secretario xeral, nomeado entre maxistrados con ao menos quince anos de antigüidade na carreira xudicial ou outros xuristas de recoñecida competencia tamén con non menos de quince anos de exercicio da súa profesión.

2. O secretario xeral será nomeado polo Pleno, por proposta do presidente, e separado libremente polo presidente.

3. Correspóndenlle ao secretario xeral as seguintes funcións:

1.^a A dirección e coordinación de todos os órganos técnicos e do persoal ao servizo do Consello Xeral do Poder Xudicial, salvo en relación co Gabinete da Presidencia.

2.^a Velar pola correcta preparación, execución e liquidación do orzamento, e dar conta de todo isto ao presidente e ao Pleno para a súa aprobación por este último.

3.^a A xestión, tramitación e documentación dos actos do Consello Xeral do Poder Xudicial.

4.^a As demais funcións que lle atribúa o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Xeral do Poder Xudicial.

4. O secretario xeral asistirá ás sesións do Pleno e da Comisión Permanente con voz e sen voto. Así mesmo, poderá asistir, con voz e sen voto, ás demais comisións previstas legalmente.

Artigo 613.

1. O secretario xeral será auxiliado e, se for o caso, substituído polo vicesecretario xeral.

2. O vicesecretario xeral será nomeado polo Pleno, por proposta do presidente, entre membros do corpo de letrados do Consello Xeral do Poder Xudicial que tiveren un mínimo de cinco anos de servizos efectivos no Consello, e separado libremente polo presidente.

Artigo 614.

Na Secretaría Xeral do Consello Xeral do Poder Xudicial existirá un servizo central en que se integrará a Xerencia, así como os distintos departamentos que presten servizos comúns aos órganos do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Sección 2.^a O Servizo de Inspección do Consello Xeral do Poder Xudicial

Artigo 615.

1. O Servizo de Inspección levará a cabo, baixo a dependencia da Comisión Permanente, as funcións de comprobación e control do funcionamento dos servizos da Administración de xustiza a que se refire o número 1.8.^a do artigo 560 da presente lei orgánica, mediante a realización das actuacións e visitas que sexan acordadas polo Consello, todo isto sen prexuízo da competencia dos órganos de goberno dos tribunais e en coordinación con estes.

2. Non obstante, a inspección do Tribunal Supremo será efectuada polo presidente do dito tribunal ou, en caso de delegación deste, polo seu vicepresidente.

3. O xefe do Servizo de Inspección será nomeado e separado na mesma forma que o promotor da acción disciplinaria. O elixido permanecerá en situación de servizos especiais e terá a consideración, durante o tempo que permaneza no cargo, de maxistrado de Sala do Tribunal Supremo.

4. Integrarán, ademais, o Servizo de Inspección o número de maxistrados e secretarios xudiciais que determine o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Xeral do Poder Xudicial.

5. Os maxistrados ou secretarios xudiciais que presten os seus servizos no Servizo de Inspección quedarán en situación de servizos especiais.

Sección 3.^a O Gabinete Técnico

Artigo 616.

1. O Gabinete Técnico é o órgano encargado do asesoramento e asistencia técnico-xurídica aos órganos do Consello Xeral do Poder Xudicial, así como do desenvolvemento da actividade administrativa necesaria para o cumprimento das súas funcións.

2. Integrarán o Gabinete Técnico un director de gabinete e o número de letrados que determine o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Xeral do Poder Xudicial, así como o persoal que resulte necesario para o correcto desenvolvemento das súas funcións.

3. Para poder ser nomeado director do Gabinete Técnico deberase acreditar o desempeño efectivo dunha profesión xurídica durante ao menos quince anos.

Sección 4.^a A Escola Xudicial

Artigo 617.

1. Corresponde á Escola Xudicial desenvolver e executar as competencias en materia de selección e formación dos xuíces e maxistrados, de acordo co establecido na presente lei orgánica e no Regulamento da Escola Xudicial.

2. O nomeamento do director da Escola Xudicial recaerá nun maxistrado con ao menos quince anos de antigüidade na carreira xudicial.

Artigo 618.

1. Os profesores da Escola Xudicial serán seleccionados pola Comisión Permanente mediante concurso de méritos.

2. O seu nomeamento farase por un período inicial de dous anos e poderá logo ser renovado anualmente, sen que, en ningún caso, se poida estender máis alá dun total de dez anos.

3. Quedarán en situación de servizos especiais na carreira xudicial ou, se for o caso, no corpo de funcionarios de procedencia.

4. Tamén se poderán prestar servizos na Escola Xudicial en réxime de contratación laboral de duración determinada.

Sección 5.^a O Centro de Documentación Xudicial

Artigo 619.

1. O Centro de Documentación Xudicial é un órgano técnico do Consello Xeral do Poder Xudicial cuxas funcións son a selección, a ordenación, o tratamento, a difusión e a publicación de información xurídica lexislativa, xurisprudencial e doutrinal.

2. Corresponde ao Centro de Documentación Xudicial colaborar na implantación das decisións adoptadas polo Consello Xeral do Poder Xudicial en materia de harmonización dos sistemas informáticos que redunden nunha maior eficiencia da actividade dos xulgados e tribunais.

3. Só poderá ser nomeado director do Centro de Documentación Xudicial quen acredite o desempeño efectivo dunha profesión xurídica durante ao menos quince anos.

Sección 6.^a A Oficina de Comunicación

Artigo 620.

1. Corresponden á Oficina de Comunicación do Consello Xeral do Poder Xudicial as funcións de comunicación institucional.

2. A Oficina de Comunicación depende directamente do presidente, quen nomeará e separará libremente o seu director.

3. O cargo de director da Oficina de Comunicación deberá recaer nun profesional con experiencia acreditada en comunicación pública.

CAPÍTULO III

O persoal do Consello Xeral do Poder Xudicial

Artigo 621.

1. No Consello Xeral do Poder Xudicial existirá un corpo de letrados. O ingreso nel realizarase mediante un proceso selectivo en que se garantan os principios de mérito e capacidade.

2. O cadro de persoal do corpo de letrados do Consello Xeral do Poder Xudicial estará integrado por letrados de carácter permanente e letrados de carácter temporal. O número de prazas do cadro de persoal de letrados, tanto as de carácter permanente como as de carácter temporal, determinarao regulamentariamente o Pleno do Consello.

3. Os letrados de carácter permanente, que deberán estar en posesión do título de licenciado en Dereito ou do título de grao en Dereito equivalente, ingresarán mediante concurso-oposición que se adecuará aos criterios que sexan aprobados polo Pleno e publicados no «Boletín Oficial del Estado».

4. Os letrados de carácter temporal, que deberán ser membros da carreira xudicial ou fiscal, pertencer ao corpo de secretarios xudiciais ou ser funcionarios de carreira dun corpo incluído no subgrupo A1 das distintas administracións públicas, ingresarán mediante concurso de méritos, serán nomeados por un período inicial de dous anos e poderán, logo, ser renovados anualmente, sen que en ningún caso se poida estender máis alá dun total de dez anos de prestación de servizos.

5. Quen se ache en servizo activo no corpo de letrados do Consello Xeral do Poder Xudicial por ocupar unha das prazas do corpo de letrado que teña carácter permanente quedará en situación de excedencia voluntaria en calquera outro corpo ou carreira a que pertencenza. Os demais letrados ao servizo do Consello Xeral do Poder Xudicial serán declarados en servizos especiais na súa Administración de orixe.

Artigo 622.

1. As persoas que desempeñen o cargo de vicesecretario xeral, xefe do Servizo de Inspección, director do Gabinete Técnico, director da Escola Xudicial, director do Centro de Documentación Xudicial e director da Oficina de Comunicación terán a denominación de letrados maiores.

2. O acceso a estes postos, en canto xefaturas de servizo, producirase con ocasión de vacante naqueles.

3. Estas xefaturas de servizo deberán ser obxecto de renovación cada cinco anos; a designación dos quen vaian ocupar os ditos postos corresponderalle ao Pleno, salvo no caso do director da Oficina de Comunicación, cuxa designación lle corresponde ao presidente do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Artigo 623.

Os letrados do Consello Xeral do Poder Xudicial poderán desempeñar as súas funcións nos distintos órganos do Consello de acordo co establecido na presente lei orgánica e no Regulamento de organización e funcionamento do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Artigo 624.

Nos órganos técnicos do Consello Xeral do Poder Xudicial tamén poderán prestar servizos membros das carreiras xudicial e fiscal, do corpo de secretarios xudiciais, do corpo de Xestión Procesual e Administrativa, do corpo de Tramitación Procesual e Administrativa e do corpo de Auxilio Xudicial ao servizo da Administración de xustiza, así como funcionarios das administracións públicas, no número que fixen as correspondentes relacións de postos de traballo.

Artigo 625.

1. A provisión dos postos dos órganos técnicos do Consello Xeral do Poder Xudicial, salvo as excepcións previstas nesta lei orgánica ou, se for o caso, nos seus regulamentos de desenvolvemento, realizarase mediante concurso de méritos.

2. Aqueles que obtivesen postos de nivel superior logo de concurso de méritos serán nomeados polo Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial por un período de dous anos, prorrogable por períodos anuais cun máximo de prestación de servizos de dez anos, e serán declarados, se for o caso, en situación de servizos especiais na súa Administración de orixe.

3. Cando se trate da prestación de servizos nos restantes postos dos órganos técnicos do Consello Xeral do Poder Xudicial, os funcionarios que os desempeñen consideraranse en servizo activo nos seus corpos de orixe.

4. Durante o tempo que permanezan ocupando un posto de traballo no Consello Xeral do Poder Xudicial estarán sometidos ao Regulamento de persoal do Consello.

Artigo 626.

1. O Regulamento de organización e funcionamento do Consello Xeral do Poder Xudicial poderá prever que determinados postos de traballo de carácter técnico, por requiriren unha preparación específica e distinta da xurídica, sexan provistos mediante concurso de méritos entre funcionarios daqueles corpos que, en cada caso, estableza o citado regulamento.

2. En calquera caso, os postos de nivel superior nos órganos técnicos do Consello Xeral do Poder Xudicial só poderán ser ocupados por aqueles que teñan a titulación requirida para pertencer a un corpo incluído no subgrupo A1 das distintas administracións públicas.

Artigo 627.

1. Todos os funcionarios que presten servizo no Consello Xeral do Poder Xudicial se rexerán polo seu Regulamento de persoal e, no non previsto nel, pola lexislación xeral da función pública estatal.

2. O Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial aprobará a relación de postos de traballo pola que se ordena o dito persoal.

3. O resto do persoal non funcionario que preste servizo no Consello Xeral do Poder Xudicial rexerase polo seu respectivo Regulamento de persoal e, no non previsto nel, pola regulación de ámbito estatal que lle resulte aplicable.

CAPÍTULO IV

Das retribucións dos membros do Consello Xeral do Poder Xudicial

Artigo 628.

1. Os membros do Consello Xeral do Poder Xudicial que desempeñen o seu cargo con carácter exclusivo percibirán a retribución que se fixe como única e exclusiva en atención á importancia da súa función na Lei de orzamentos xerais do Estado.

2. Os vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial que non desempeñen o seu cargo con carácter exclusivo percibirán as axudas de custo pola asistencia ao Pleno ou ás comisións que estableza a Lei de orzamentos xerais do Estado, sen ter dereito a ningunha outra clase de remuneración polo cargo de vogal, salvo as indemnizacións que por razóns de servizo lles poidan corresponder.

3. A retribución máxima que poderán percibir os vogais do Consello que compatibilicen o dito cargo coa prestación de servizos na Administración do Estado ou de calquera outra Administración ou institución públicas por razón da súa asistencia ás comisións e ao Pleno, non poderá exceder, sumada á que perciban polo seu posto de traballo, a que corresponda a un vogal que desempeñe o seu cargo con dedicación exclusiva.

TÍTULO VI

Do réxime dos actos do Consello Xeral do Poder Xudicial

Artigo 629.

As deliberacións dos órganos do Consello Xeral do Poder Xudicial terán carácter reservado e os seus compoñentes deberán gardar segredo acerca delas.

Artigo 630.

1. Os acordos dos órganos colexiados do Consello Xeral do Poder Xudicial serán adoptados por maioría simple dos membros presentes, salvo cando esta lei orgánica dispoña outra cousa. Quen presida terá voto de calidade en caso de empate.

2. Os vogais teñen o deber inescusable de asistir, participar e emitir voto válido sobre todas as cuestións sobre as que decidan o Pleno e mais as comisións. Só se poderán abster nos supostos en que conorra causa legal para isto. Así mesmo, unicamente poderán emitir voto en branco cando a natureza do acordo o permita e en ningún caso poderán facelo en materia disciplinaria e nas decisións sobre recursos.

3. A votación será sempre nominal, non terá carácter secreto e o seu resultado recollerase na acta. Os vogais teñen dereito a coñecer as actas.

4. Para o adecuado exercicio das súas atribucións poderán os vogais solicitar á Comisión Permanente a entrega de documentación sobre actividades específicas do Consello. A dita comisión acordará a extensión e límites da documentación que se deba entregar en atención á natureza da petición.

Artigo 631.

1. O vogal que disinta da maioría, se o desexar, poderá formular voto particular, escrito e fundado, que se inserirá na acta, sempre que o anuncie unha vez finalizada a votación e o presente dentro dos dous días seguintes a aquel en que se tomou o acordo.

2. Cando o Pleno faga uso das súas facultades de informe, incorporaranse ao texto do acordo adoptado os votos particulares razoados, que se unirán á documentación que se remita ao órgano destinatario.

Artigo 632.

1. Os acordos dos órganos do Consello Xeral do Poder Xudicial sempre serán motivados.

2. Nos plenos que decidan as propostas de nomeamento deixarase constancia da motivación do acordo, con expresión das circunstancias de mérito e capacidade que xustifican a elección dun dos aspirantes con preferencia sobre os demais.

3. A motivación poderá facerse por remisión, no coincidente, á motivación da proposta da Comisión Permanente.

Artigo 633.

Os acordos dos órganos do Consello Xeral do Poder Xudicial serán documentados polo secretario xeral e subscritos por quen os presidise.

Artigo 634.

1. Adoptarán a forma de real decreto, asinado polo rei e referendado polo ministro de Xustiza, os acordos do Consello Xeral do Poder Xudicial sobre o nomeamento de presidentes e maxistrados.

2. Os nomeamentos de xuíces efectuaraos o Consello Xeral do Poder Xudicial mediante orde.

3. Todos eles se publicarán no «Boletín Oficial del Estado».

Artigo 635.

1. Os regulamentos aprobados polo Consello Xeral do Poder Xudicial publicaranse no «Boletín Oficial del Estado».

2. Os restantes acordos, debidamente documentados e incorporados os votos particulares, se os houber, serán comunicados ás persoas e órganos que deban cumprilos ou coñecerlos.

Artigo 636.

1. Os acordos do Consello Xeral do Poder Xudicial serán inmediatamente executivos, sen prexuízo do réxime de impugnación previsto nesta lei orgánica.

2. Non obstante, cando se interpoña recurso contra eles, a autoridade competente para resolvelo poderá acordar, de oficio ou por instancia de parte, a suspensión da execución, cando esta puiden causar prexuízos de imposible ou difícil reparación ou cando estea así establecido pola lei.

Artigo 637.

Corresponderá ao Consello Xeral do Poder Xudicial a execución dos seus propios actos, que levarán a cabo os órganos técnicos ao seu servizo coa colaboración, se for necesaria, da Administración do Estado e das comunidades autónomas.

Artigo 638.

1. Os actos de trámite que determinen a imposibilidade de continuar un procedemento ou produzan indefensión serán impugnables en alzada ante a Comisión Permanente.

2. Os acordos do Pleno e da Comisión Permanente porán fin á vía administrativa e serán impugnables ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo. O coñecemento destes asuntos corresponderá a unha sección integrada polo presidente da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, que a presidirá, e polos demais presidentes de sección da dita sala.

3. A lexitimación para impugnar os acordos da Comisión Disciplinaria corresponderá ao xuíz ou maxistrado expedientado.

4. Estará tamén lexitimado para impugnar os acordos da Comisión Disciplinaria o Ministerio Fiscal.

Artigo 639.

1. O Consello Xeral do Poder Xudicial poderá celebrar os contratos que sexan precisos para o adecuado exercicio das súas atribucións, con suxeición á lexislación de contratos do sector público.

2. O órgano de contratación será a Comisión Permanente, que deberá manter informado o Pleno sobre os contratos que se celebren.

Artigo 640.

1. A indemnización dos danos e perdas causados polo Consello Xeral do Poder Xudicial queda sometida ao réxime da responsabilidade patrimonial das administracións públicas.

2. A reclamación de responsabilidade patrimonial presentarase ante o Consello de Ministros, que resolverá.

Artigo 641.

A defensa en xuízo dos actos do Consello Xeral do Poder Xudicial corresponde á Avogacía do Estado.

Artigo 642.

1. En todo canto non se achar previsto nesta lei orgánica e nos regulamentos do Consello Xeral do Poder Xudicial, observaranse, en materia de procedemento, recursos e forma dos actos do Consello Xeral do Poder Xudicial, en canto sexan aplicables, as disposicións da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sen que, en ningún caso, sexa necesaria a intervención do Consello de Estado.

2. O disposto no número anterior non será de aplicación á materia disciplinaria.

3. Tratándose de actos declarativos de dereitos, a revisión de oficio e, se for o caso, a declaración previa de lesividade, adoptaraas o Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial por maioría absoluta dos seus membros.»

Dous. Engádesse unha disposición derradeira primeira, pasando a actual disposición derradeira a disposición derradeira segunda, coa redacción seguinte:

«No libro VIII desta lei orgánica, o título V ten rango de lei ordinaria.»

Disposición adicional primeira.

Os actuais regulamentos aprobados polo Consello Xeral do Poder Xudicial conservarán a súa vixencia mentres sexan compatibles coa presente lei orgánica.

Disposición adicional segunda.

As cámaras regularán o procedemento de selección de vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial establecendo os mecanismos adecuados para garantir a máxima transparencia e publicidade na designación dos mencionados vogais, con observancia do previsto no artigo 14 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Disposición transitoria primeira.

1. Unha vez constituído o primeiro Consello Xeral do Poder Xudicial conforme o disposto na presente lei orgánica, este procederá inmediatamente a adaptar a denominación e composición de todos os seus órganos ao disposto nesta lei orgánica.

2. Para este efecto, o Consello Xeral do Poder Xudicial procederá, no prazo de seis meses, a ditar un novo regulamento de organización e funcionamento e un novo regulamento de persoal, co fin de acomodalos ás previsións desta lei orgánica.

Disposición transitoria segunda.

Unha vez constituído o primeiro Consello Xeral do Poder Xudicial conforme o disposto na presente lei orgánica, este procederá a convocar anualmente un concurso-oposición ao corpo de letrados do Consello Xeral do Poder Xudicial, ata que se cubra integramente o seu cadro de persoal. Cada convocatoria, na cal non se poderán incluír máis de cinco prazas, será comunicada, anualmente e con carácter previo, polo Consello ao ministerio competente, para os efectos do seu reflexo na oferta pública de emprego.

Disposición transitoria terceira.

1. Unha vez constituído o primeiro Consello Xeral do Poder Xudicial conforme o disposto na presente lei orgánica, este procederá a substituír progresivamente, nos casos en que corresponda, os que presten servizos nel polos membros do corpo de letrados do Consello Xeral do Poder Xudicial, a medida que estes últimos tomen posesión.

2. A amortización das actuais prazas a que se refire o número anterior levarase a cabo conforme o criterio que, no prazo de tres meses a partir da entrada en vigor da presente lei orgánica, estableza a Comisión Permanente. O dito criterio farase público.

3. No momento en que se convoque un número de prazas igual ao do cadro de persoal do corpo de letrados do Consello Xeral do Poder Xudicial quedará definitivamente prohibido que persoas non pertencentes a este desempeñen funcións a eles reservadas.

4. Os que no momento da entrada en vigor desta lei orgánica prestaren os seus servizos no Consello Xeral do Poder Xudicial en situación administrativa de servizo activo nos seus respectivos corpos de orixe poderán continuar desempeñándoos, e pasarán a ser titulares e percibir as retribucións correspondentes ao cargo que na nova estrutura do Consello se corresponda ou resulte equiparable ao posto que viñesen ocupando con anterioridade a esta. Cando se trate de postos de traballo de nivel superior, no momento en que, por algunha das causas previstas legalmente, quedasen vacantes, o Consello Xeral do Poder Xudicial procederá de inmediato á súa amortización.

5. A creación do corpo de letrados do Consello Xeral do Poder Xudicial prevista nesta lei e as actuacións recollidas na disposición transitoria segunda e nos números anteriores desta disposición non suporán, en ningún caso, incremento de custo.

Disposición transitoria cuarta.

Unha vez constituído o primeiro Consello Xeral do Poder Xudicial conforme o disposto na presente lei orgánica, este procederá, no prazo de tres meses, a aprobar os criterios conforme os cales se deberá reorganizar o Servizo de Inspección para se adaptar á nova estrutura organizativa derivada das funcións que lle atribúe a presente lei orgánica.

Disposición transitoria quinta.

1. No primeiro orzamento do primeiro Consello Xeral do Poder Xudicial que se constituía conforme o disposto na presente lei orgánica, cada unha das necesidades financeiras da institución deberá ser debidamente xustificada sen referencia a orzamentos anteriores, co fin de adaptar as ditas necesidades á súa nova organización e regulación.

2. Axustándose ás necesidades que quedasen xustificadas no mencionado orzamento, elaborárase unha nova relación de postos de traballo ordenando o persoal funcionario do Consello Xeral do Poder Xudicial conforme o previsto nesta lei orgánica.

Disposición transitoria sexta.

Desde que se constituía o primeiro Consello Xeral do Poder Xudicial conforme o disposto na presente lei orgánica e mentres non se modifique en materia de cualificación a Lei orgánica do poder xudicial, todas as referencias que esta última fai á Comisión de Cualificación deberanse entender referidas á Comisión Permanente.

Disposición transitoria sétima.

1. Desde que se constituía o primeiro Consello Xeral do Poder Xudicial conforme o disposto na presente lei orgánica e mentres non se modifique en materia disciplinaria a Lei orgánica do poder xudicial, todas as referencias que esta última fai aos instrutores delegados dos expedientes disciplinarios entenderanse referidas ao promotor da acción disciplinaria, así como aos letrados do Consello Xeral do Poder Xudicial que o asistan.

2. A partir do momento previsto no número anterior, a iniciación do procedemento disciplinario será acordada polo promotor da acción disciplinaria ou, se for o caso, pola Comisión Permanente, conforme o disposto na presente lei orgánica.

Disposición transitoria oitava.

Os procedementos administrativos do Consello Xeral do Poder Xudicial rexeranse, en todo caso, pola lexislación vixente no momento da súa iniciación.

Disposición transitoria novena.

1. Unha vez constituído o novo Consello Xeral do Poder Xudicial, procederase a realizar as modificacións orzamentarias que correspondan para adaptar o novo réxime de retribucións dos vogais ás previsións desta lei.

2. Ata o momento en que se fixen por primeira vez na Lei de orzamentos xerais do Estado a contía das axudas de custo pola asistencia ao Pleno ou ás comisións, aplicarase aos vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial un réxime de axudas de custo análogo ao previsto para outros órganos recollidos na Constitución.

Disposición transitoria décima.

Unha vez que entre en vigor esta lei, o procedemento de renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial adecuarase, nesta primeira ocasión, ás seguintes previsións:

1.º O procedemento iniciarase da forma prevista no artigo 568 desta Lei orgánica, ao día seguinte da entrada en vigor desta lei, e sen que resulte de aplicación o prazo de catro meses de antelación nel previsto.

2.º Para estes efectos, ese día o presidente do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial porá en coñecemento das cámaras os datos do escalafón e do Rexistro de Asociacións Xudiciais existentes no Consello.

3.º Unha vez que conclúa o procedemento establecido nos artigos 572 a 577 desta lei e que todas as candidaturas estean á disposición de ambas as cámaras, estas disporán dun mes para designar os vogais. Se algunha das cámaras non proceder á designación nese prazo, resultará de aplicación o disposto no artigo 570 e poderase proceder á renovación do Consello.

4.º Se antes da finalización do prazo a que se refire o número anterior tivese concluído o mandato do actual Consello Xeral do Poder Xudicial, este continuará en funcións ata que se proceda á constitución do novo.

5.º Queda sen efecto calquera actuación que se puidese realizar de acordo coa normativa derogada pola presente lei encamiñada á renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Disposición derogatoria.

1. O título II do libro II da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, no relativo á renovación, designación e elección dos vogais do Consello e á súa constitución, queda derogado desde o momento da entrada en vigor da presente lei orgánica.

2. O día en que se constituía o primeiro Consello elixido de conformidade co disposto na presente lei orgánica quedará derogado o resto do título II do libro II da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, así como cantos preceptos da dita lei e outras disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido na presente lei orgánica.

3. A Lei orgánica 1/2013, do 11 de abril, sobre o proceso de renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial, pola que se suspende a vixencia do artigo 112 e, parcialmente, do 114 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, queda derogada desde o momento da entrada en vigor da presente lei orgánica.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.*

Modifícase o número 3 do artigo 175 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, que queda redactado da forma seguinte:

«3. O expediente de inspección completárase cos informes sobre o órgano inspeccionado, que poderán presentar os respectivos colexios de avogados, procuradores ou, no caso da xurisdición social, graduados sociais en todo aquilo que os afecte. Para tal fin, serán notificados, coa suficiente antelación, respecto ás circunstancias en que se leve a cabo a actividade inspectora».

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.*

Modifícanse os artigos 32 e 57 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, nos termos seguintes:

Un. Introdúcense un novo número 3 bis e unha nova letra e) no número 5 do artigo 32, coa redacción seguinte:

«3 bis. Os estranxeiros aos cales España ou outro Estado membro da Unión Europea tivese recoñecido protección internacional e que se encontren en España, poderán solicitar por si mesmos e obter unha autorización de residencia de longa duración en España nas condicións que se establezan regulamentariamente.

Non se lle recoñecerá a condición de residente de longa duración en España ao beneficiario de protección internacional cuxo estatuto fose revogado, cesado, finalizado, ou cuxa renovación fose denegada, de acordo coas normas da Unión Europea aplicables, e nas condicións que se establezan regulamentariamente.»

«e) Cando, obtida a autorización pola persoa a quen outro Estado membro recoñeceu protección internacional, as autoridades do dito Estado resolvesen o cesamento ou a revogación da citada protección.»

Dous. Introdúcese un novo número 11 no artigo 57, coa seguinte redacción:

«11. Cando, de acordo coa normativa vixente, España decida expulsar un residente de longa duración que sexa beneficiario de protección internacional recoñecida por outro Estado membro da Unión Europea, as autoridades españolas competentes en materia de estranxeiría solicitarán ás autoridades competentes do dito Estado membro información sobre se a dita condición de beneficiario de protección internacional continúa vixente. Esta solicitude deberá ser respondida no prazo dun mes; en caso contrario, entenderase que a protección internacional segue vixente.

Se o residente de longa duración continúa sendo beneficiario de protección internacional, será expulsado ao dito Estado membro.

O disposto nos dous parágrafos anteriores será de aplicación para as solicitudes cursadas por autoridades doutros Estados membros da Unión Europea respecto aos estranxeiros aos cales España tivese concedido a condición de beneficiario de protección internacional.

De conformidade coas súas obrigacións internacionais, e de acordo coas normas da Unión Europea, España poderá expulsar o residente de longa duración a un país distinto ao Estado membro da Unión Europea que concedeu a protección internacional se existen motivos razoables para considerar que constitúe un perigo para a seguridade de España ou se, tendo sido condenado por sentenza firme por un delito de especial gravidade, constitúe un perigo para España. En todo caso, cando a protección internacional tivese sido recoñecida polas autoridades españolas, a expulsión só se poderá efectuar logo da tramitación do procedemento de revogación previsto na normativa vixente en España en materia de protección internacional.»

Tres. Os preceptos incluídos no número un desta disposición derradeira non teñen natureza orgánica.

Disposición derradeira terceira.

1. A presente lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» no relativo á renovación, designación e elección dos vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial e á súa constitución. Así mesmo, a disposición derradeira segunda da presente lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

2. O resto da presente lei orgánica entrará en vigor o día en que se constitúa o primeiro Consello Xeral do Poder Xudicial conforme o disposto na presente lei orgánica.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 28 de xuño de 2013.

JUAN CARLOS R.

A presidenta do Goberno en funcións,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN